



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

**JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ**, deputado do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto nos artigos 14 ó 16 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación,

EXPÓN que na sesión do Pleno de 27 de Novembro de 2015 o Presidente ordenou impedir o acceso á sesión do pleno a numerosas persoas que pretendían asistir. Elo motivou unha protesta que acabou co abandono dos 3 Grupos que forman a oposición política na Corporación. Durante este abandono varias persoas ,que habían ocupado o salón previamente parece ser que para apoiar ó Presidente ante os escándalos públicos que provocaban a polémica, insultaron gravemente ó portavoz do Grupo Socialista. Solicitouse que se identificara ás persoas do público que insultaran ó membro da Corporación. A acta dice así:

*“No momento do abandonar o salón de sesións produciuse un incidente entre o portavoz do Grupo Socialista e dúas persoas que se atopaban sentados entre o público, acudindo o citado portavoz á mesa da Presidencia para manifestar que fora insultado por unha persoa do público, indicándolle o presidente que faga o que teña que facer. O portavoz de Democracia Ourensana aproxímase tamén á mesa da Presidencia para indicar que o sucedido é un delito e que o presidente ten a obrigaón de identificar ao responsable. O Sr. presidente replícalle que non lle diga o que ten que facer e anuncia o inicio do tratamento do punto sétimo da orde do día, ordenándolle ao Sr. secretario que proceda á lectura do ditame da comisión.”*

Por elo o Presidente debería levar a cabo as averiguacións oportunas para identificar os autores e denunciar os feitos co obxecto de dar protección ós membros da Corporación.

No caso contrario estaríase sendo encubridores de delitos moi graves que atentan ós dereitos dos representantes dos cidadáns.



**Grupo Provincial Socialista**

Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178  
CIF: G32244345

Por elo reiterase unha petición na que se tén insistido neste tempo sen resultado, e

**SOLICITA**

Que se informe das averiguacións feitas polos servizos da Deputación para identificar as persoas autoras deste graves feitos, e se me informe dos seus nomes e das accións levadas a cabo polo Presidente para denunciar os feitos e protexer ós membros da Corporación e os seus dereitos.

Ourense a 6 de Outubro de 2017.

PSG DE PSOE  
deputacion provincial ourense

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**